

## CRITERIOS DE SELECCIÓN DE ALUMNADO

### PARA PROGRAMAS DE MOBILIDADE DA FETS

A selección do alumnado da Facultade de Educación e Traballo Social que participa nos programas de mobilidade levarase a cabo atendendo ós seguintes criterios:

#### 1. Expediente académico:

Terase en conta a nota media do expediente académico, computado ata a última convocatoria pechada no momento de realizar a selección.

Este extracto do expediente no que figure a nota media xa calculada será facilitado pola Área de Grao de Educación e Historia á Comisión de Mobilidade da Facultade a través da coordinación da mesma.

#### 2. O coñecemento da lingua do país de destino (en caso de ser solicitado pola convocatoria e/ou a universidade de destino).

Terase en conta o nivel acreditado de coñecemento do idioma empregado como lingua de ensino na universidade de destino.

Os coñecementos previos do idioma respectivo poderanse acreditar:

- Mediante a presentación de certificacións recoñecidas na convocatoria ou na normativa de Relacións Internacionais da Universidade.
- Mediante os resultados obtidos nas probas de idiomas organizadas polo Centro de Linguas da Universidade de Vigo, nos termos previstos na convocatoria.
- No caso de idiomas para os que non estea prevista a realización de probas de nivel organizadas polo Centro de Linguas da Universidade de Vigo, poderanse ter en conta calquera outros medios que, a xuízo da Comisión de Mobilidade da Facultade, acrediten debidamente o nivel de coñecemento da lingua de que se trate.